

Instrución II/2004 da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela sobre seguridade e prevención de riscos

A USC introduciu coa [Instrución V/2002](#) unha serie de medidas que buscaban reducir e eliminar os riscos laborais ademais de aumentar a seguridade nos distintos edificios universitarios. As modificacións da normativa legal vixente nestas materias e a implantación das novas categorías laborais previstas no convenio colectivo para o persoal laboral da USC, fan necesaria reaxustar o contido e a distribución dalgunhas tarefas encomendadas na devandita Instrución, como a quén se lle encomendan.

Doutra banda, e na liña de eliminar os posibles riscos de accidente dos traballadores incorpóranse uns protocolos básicos de actuación.

Por último, co fin de acadar a unidade e claridade necesaria, intégrase na presente instrución os apartados de Extintores e Insecticidas e Pesticidas da Instrución V/2002, quedando sen efecto o resto da referida instrución.

Por todo o exposto, dítase a seguinte INSTRUCIÓN:

Seguridade de edificios

Corresponde ao conserxe, oficial de servizos e auxiliar técnico de informática de cada edificio:

- Comprobar o estado de funcionamento e realizar as operacións de mantemento dos medios materiais de loita contra incendios, de acordo coa normativa vixente e instrucións do persoal especializado, comunicando as incidencias que se produzan.
- Revisar e controlar o mantemento das condicións que reúnen os edificios para protexer os ocupantes fronte aos riscos derivados dos incendios, ou da utilización de equipos de traballo, máquinas, instalacións, substancias perigosas, etc, nas actividades que se desenvolven nos centros.
- Revisar e controlar os elementos do edificio esenciais para a seguridade contra incendios, que non se poden modificar sen afectar ás esixencias regulamentarias (compartimentación, evacuación e sinalización; comportamento ante o lume dos elementos construtivos e materiais; instalacións xerais e locais de risco especial), comunicando ao persoal da área de seguridade as incidencias que se produzan.
- Realizar as tarefas de control e comprobación do estado de funcionamento dos elementos, aparellos, dispositivos, e sistemas de seguridade do centro, en relación coa protección de bens e prevención de actos antisociais, comunicando as incidencias que se produzan ao persoal da área de seguridade.
- Realizar as funcións encomendadas no plan de autoprotección do centro, e participar nas actividades que se programen para a elaboración e mantemento do devandito plan.

Seguridade eléctrica

Corresponde ao conserxe e ao oficial de servizos de cada edificio:

- Controlar e cambiar as lámpadas fundidas del, especialmente as que corresponden ás de seguridade e corredores que serán substituídas o máis rápido posible.
Protocolo de actuación: estes traballos faranse cos interruptores abertos (tensión cortada). No caso dos tubos fluorescentes tamén se poden substituír os cebadores, non obstante no caso das reactancias deberase avisar ao persoal da OXI. No caso de que se produza algunha complicación técnica para o seu cambio, solicitarase a información necesaria á Oficina de Xestión de Infraestruturas (OXI).
- Controlar o funcionamento das luminarias de emerxencia. Facer un reconto e comprobación visual periodicamente.
- Vixiar o funcionamento das instalacións eléctricas, debendo comunicarlle ao decano, director ou xefe da unidade as incidencias que se produzan. Toda intervención que supoña unha reparación ou modificación destas deberá ser realizada pola OXI ou, por persoal técnico cualificado (neste caso deberá informarse á OXI).

Protocolo de funcionamento para a localización e control de avarías (curtocircuitos e derivacións) en cadros de planta e secundarios no caso do salto diferencial:

- Baixarase todos os térmicos, subindo a continuación o diferencial.
- Se non sobe, chamarase ao electricista da OXI.
- Se sobe o diferencial, subiranse un por un todos os térmicos ata dar co que nos fai saltar o diferencial.
- Deixaremos este térmico baixado, subindo o resto, así conseguiremos restituír a subministración eléctrica no resto dos locais.
- Localizado o térmico afectado daremos co circuíto sen subministración eléctrica, e seguiremos os seguintes pasos:
 - Percorremos os departamentos afectados, desenchufando aparellos e apagando interruptores, acto seguido subiremos o térmico.
 - No caso de que non suba chamaremos ao electricista da OXI.
 - Se sobe o térmico iremos enchufando aparatos e acendendo interruptores ata que salte, neste momento saberemos que aparato fai saltar o térmico, deixando desenchufado, subiremos o térmico, quedando así localizada a avaría.

Extintores

Corresponde ao responsable da compra dun novo extintor a obriga de comunicar a súa localización ao Servizo de Prevención de Riscos (Área de seguridade, Ext. 33332), para que por parte dese Servizo se inclúa nos plans de autoprotección de edificios e no programa de revisións de extintores da USC.

Insecticidas e pesticidas

Corresponde a quen realice o encargo de levar a cabo operacións de desinfección, desinsectización, fumigación, etc., solicitar unha autorización previa á Oficina de Xestión do SPR, Ext. 33333) e, ademais deberá poñer en contacto á empresa adxudicataria co devandito Servizo, para que esta informe das condicións nas que se vai realizar a operación.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2004
O xerente en funcións,
Xosé M. Villanueva Prieto